



Concello de Bueu

Expediente	1045/2020-Código SIA: 1398865
Procedemento	Licenzas e Permisos de Persoal
Asunto	Adopción de medidas para a redución do risco de contaxio do COVID 19 nos lugares de traballo do concello de Bueu: protocolo de actuación
Unidade Xestora	Persoal
Documento	Anuncio de alcaldía
Trámite	Protocolo de actuación nos lugares de traballo do concello de Bueu para a redución do risco de contaxio do COVID 19

ANUNCIO DE ALCALDÍA

Tendo en conta a situación actual de contención reforzada contra a transmisión do Novo Coronavirus COVID 19, esta alcaldía considera necesaria a adopción dunha serie de medidas extraordinarias, de carácter temporal e preventivo, que, en todo caso, permitan o mantemento das prestacións básicas aos cidadáns, que aúnen a protección da saúde das empregadas e empregados públicos ao servizo do concello de Bueu coa adecuada prestación dos servizos públicos.

Neste senso, os centros de traballo e os diferentes servizos administrativos deben coñecer os protocolos e procedementos de saúde pública para poder manter a continuidade da actividade coas garantías suficientes.

No devandito marco, e en atención ás medidas adoptadas polas autoridades sanitarias, faise imprescindible, en aras de garantir a prestación dos servizos públicos, a aprobación dunha serie de medidas estratéxicas na organización do traballo que quedarán incorporadas a un protocolo de actuación nos lugares de traballo, de carácter extraordinario e temporal, co obxecto de previr e minimizar, na medida do posible, o impacto que a situación epidemiolóxica poida ter e responder axeitadamente, no entorno laboral, a dita situación.

Tendo en conta o anterior, mediante resolución de alcaldía núm. 2020-0412 de data 13.03.2020 resolveuse, entre outros, o seguinte:

1º.- Adoptar as seguintes medidas no funcionamento dos servizos administrativos que conformaran o Protocolo de actuación nos lugares de traballo do concello de Bueu para a redución do risco de contaxio do COVID 19:

a) Situación de illamento.

Arbitraranse as medidas necesarias para que o persoal ao servizo da Administración municipal, de acordo co establecido pola AXE, que se atope en situación de illamento por motivo do COVID-19, continúe percibindo durante o tempo que permaneza na devandita situación o cento por cento das súas retribucións.

b) Licencias e permisos do persoal.

Para o persoal municipal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 677NYPF7NGNSDM73FGSSTF6R | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Bueu

dependentes e se vexa afectado o peche de centros educativos ou de maiores, serán de aplicación medidas de flexibilización da xornada laboral, polo tempo que as autoridades competentes determinen e de acordo coas instrucións dos seus respectivos órganos de persoal.

Quen presente síntomas de infectarse polo coronavirus non deben acudir ao traballo e adoptarán as medidas indicadas polas autoridades sanitarias que se recollen no bando de alcaldía de data: 12.03.20 /CSV: 7RW3QJPYDYDE67FH7HTSRL2NL.

As situacións laborais derivadas dun posible illamento o contracción da enfermidade serán tratadas conforme ao establecido no Real Decreto Lei 6/2020, do 10 de Marzo, pola que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública e/ou aquelas normas que a substitúa.

c) Atención ao público.

Nos servizos de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática.

Facíltanse a continuación información relativa ao contacto cos seguintes servizos administrativos:

SERVIZO ADMINISTRATIVO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
INFORMACIÓN XERAL	986390029 Extensión 1	concello@concellodebueu.gal
ALCALDÍA	986390029 Extensión 2	comunicacion@concellodebueu.gal
URBANISMO	986390029 Extensión 3	marina.urbanismo@concellodebueu.gal isabel.urbanismo@concello arquitecto@concellodebueu.gal aparellador@concellodebueu.gal
EMPREGO	986390029 Extensión 4	aedl@concellodebueu.gal
PERSOAL	986390029 Extensión 5	persoal@concellodebueu.gal
INTERVENCIÓN	986390029 Extensión 6	araceli.intervencion@concellodebueu.gal chus.intervencion@concellodebueu.gal
TESOURERÍA	986390029	tesoureria@concellodebueu.gal

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 677NYYPF7NGNSDM73FGSSTF6R | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Bueu

SERVIZO ADMINISTRATIVO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
	Extensión 7	
REXISTRO, PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, ESTADÍSTICA E CENSO	986390029 Extensión 8	estadistica@concellodebueu.gal carmen.juncal.bueu@eidolocal.es
SECRETARÍA XERAL	986390029 Extensión 9	contratacion@concellodebueu.gal susana.secretaria@concellodebueu.gal marcos.secretaria@concellodebueu.gal
BENESTAR SOCIAL	886124816	benestarsocial@concellodebueu.gal
CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)	986324395	cim@concellodebueu.gal
OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR (OMIC)	986324338	omic@concellodebueu.gal
ARQUIVO	986323539	arquivo@concellodebueu.gal

Para o caso de atención presencial na oficina de rexistro, estableceranse, se fose necesario, as quedas imprescindibles para garantir a prestación do servizo.

.../...

f) Modalidades non presenciais de traballo (prestación de servizo en réxime de teletraballo).

Nos servizos administrativos que pola natureza de súas funcións así o permitan, previa xustificación do empregado do servizo con funcións de responsabilidade administrativa e organizativa, facilitarase e autorizaranse modalidades non presenciais de traballo, previa autorización dos titulares das concellerías delegadas co obxectivo de garantir a prestación dos servizos públicos.

g) Vixencia

A presente Resolución producirá efectos desde o momento da súa firma.

As previsións contempladas establécense sen prexuízo da suxeición de todo o persoal ás necesidades do servizo e da súa disposición, cando se lles requira, para a prestación dos servizos públicos encomendados ao concello.

O que se publica para xeral coñecemento

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 677NYYPF7NGNSDM73FGSSTF6R | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3